



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



PLAN DE ACCIÓN

DO PROGRAMA GREEN CAMPUS UDC

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

DEPARTAMENTOS ETS ARQUITECTURA

Aprobado na Xunta de Facultade do día 11 de Decembro de 2014

A.DATOS XERAIS

DATA DE ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN **Decembro** DATA DE APROBACIÓN POLO COMITÉ AMBIENTAL **09 Decembro 2014**
NOME COMPLETO DA PERSOA DE CONTACTO **Amparo Casares Gallego**
DIRECCIÓN **Campus da Zapateira s/n Escola Técnica Superior de Arquitectura / Universidade da Coruña** LOCALIDADE **A Coruña** CÓDIGO POSTAL **15071**
TELÉFONO **981 16 70 00** CORREO-E **amparo.casares@uc.es**

B.BREVE XUSTIFICACIÓN RAZOADA

Resumo do plan, partindo da descrición resumida da situación de partida e xustificación das medidas prioritarias

O diagnóstico de sustentabilidade medio-ambiental da Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC) da Universidade da Coruña (UDC), en outubro-novembro de 2014, é correcto, a pesar de que non se realizaron plans de actuación nestas materias.

Segundo informou a OMA, facilitáronos estudos xerais de xestión de residuos e de consumo da ETSAC, que nos permitirán facer comparacións e ver en que aspectos se podería mellorar este punto de partida. Así, un dos obxectivos ao longo do primeiro ano de Green Campus na ETSAC será o de prestar atención a estes estudos para intentar correxir os problemas e logo facer comparacións.

1.- O Plan de Acción do programa *Green Campus ETSAC* atenderá algúns dos **obxectivos estratéxicos da UDC** definidos no Plan Estratéxico, capítulo de Responsabilidade Social (pp.32 e 37), tal e como suxiren desde a Oficina de Medio Ambiente (OMA) da UDC.

En concreto:



Do obxectivo estratéxico 1 (pp.32), o punto 1.6: Fomentar as políticas de compra socialmente responsable.

Do obxectivo estratéxico 3, o punto 3.1: Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade.

3.2: Implantar procesos de xestión sostible dos residuos.

3.3: Impulsar a mobilidade sostible.

3.4: Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de agua.

2.- Con todo, a ETSAC considera como **obxectivos prioritarios** aquelas **boas prácticas en sustentabilidade universitaria** que propón o **Green Campus** xunto con **Adeac** que están relacionados coas oito áreas seguintes:

Aforro de auga e enerxía

Xestión de residuos

Correcto tratamento e xestión dos RAEE

Compra verde, consumo responsable e comercio xusto

Mobilidade sostible

Voluntariado ambiental

Área de Biodiversidade

Contaminación

Aos efectos de:

Sensibilizar e concienciar en materias saudables e de sustentabilidade medio-ambiental aos membros da comunidade universitaria da ETSAC.

3.- O Programa Green Campus ETSAC asume tamén como propios os obxectivos xerais do programa Green Campus UDC adaptados ao noso centro: Concienciación da problemática ambiental a partir da vivencia universitaria determinada polas actividades docentes e investigadoras e a biodiversidade inmediata.

Implicación de toda a comunidade universitaria na mellora ambiental da ETSAC.

Capacitación e fortalecemento do alumnado e persoal universitario para a toma de decisións.

Formación do alumnado en boas prácticas ambientais aplicables na súa vida cotiá.

Desenvolvemento dun plan de acción específico para a ETSAC, a partir dunha metodoloxía común que facilita a cooperación, converxencia e comparabilidade nos resultados.

Traballo en Rede con outras facultades da UDC e centros doutras universidades tanto a nivel nacional como internacional.

Participación da ETSA da UDC no Campus UDC=US3 (saudable, sustentable e solidario) e na rede española de universidades saudables (Rede REUS).



C. PLAN DE ACCIÓN

ACCIÓN	OBXECTIVOS	METODOLOXÍA	RECURSOS NECESARIOS	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSÁBEIS	INDICADORES DE SEGUIMIENTO
PLAN DE ACCIÓN 1. Realización de Ecoauditoría, Plan de Acción e Declaración Medio-ambiental <i>Green Campus</i> ETSAC UDC.	Promover actuacións para unha contorna saudable e sustentable, correxindo os problemas detectados na ecoauditoría.	Proposta realizada polo presidente do comité para discusión e debate no Comité Ambiental, despois de haber detectado e analizado os problemas da ETSAC e departamentos. Supervisión pola OMA e ADEAC.	Participación dos membros do Comité Ambiental constituído o día 2 de Decembro de 2014. OMA/ADEAC.	Curso 2014-2015	Comité ambiental ETSAC OMA e ADEAC	Acta de Constitución do Comité Ambiental. Ecoauditoría. Plan de Acción con 11 propostas. Declaración Medio- Ambiental.



AFORRO DE ENERXÍA E AUGA						
2. Reducir o consumo de luz/ enerxía Obxectivo estratéxico UDC 3.4	Reducir o consumo de luz no edificio da ETSAC.	Cambio de 50 luminarias de mercurio situadas nas plantas -1 e 2, por outras de baixo consumo. Señalización sectorizada nos cuadros eléctricos da 3ª e 4ª planta. (anexo1) Campaña de información na web, para o apagado das lámpadas dos cañones.	Recursos humanos: Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas. Xerencia UDC. Conserxaría/Seguridade. OMA/ADEAC. Servizo de obras. Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL). Outros. Financiamento económico.	Curso 2014-2015	Recursos humanos: Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas. Xerencia UDC. Conserxaría/Seguridade. OMA/ADEAC. Servizo de obras. Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL). Outros. Financiamento económico.	Evidencias: % de aforro de electricidade por edificios co respecto a anos previos. No seu defecto, electricidade consumida por edificios. Achegados por Xerencia/OMA. Modificacións estruturais. Documentos de UPRL. Guía docente.
	Axustar o consumo de calefacción/radiadores na ETSAC e en departamentos.	Mellora da envolvente térmica do edificio ETSAC (illamento térmico e fiestras). Especialmente nos espazos máis vulnerables (administración, representantes de estudantes, etc) Sustitución do sistema de calefacción do edificio de departamentos. Como alternativa, mover algúns de estes espazos ao edificio non utilizado do aparcamento, con mellor illamento e instalación máis modernas. Estudo de PMW (voto medio previsto) e PPD (Probabilidade de Xente Insatisfeita) nos espazos da ETSAC. Instalación termómetros e temporizadores para control de temperatura. Campaña informativa.				



3. Reducir o consumo de auga Obxectivo estratéxico UDC 3.4	A longo prazo, promover o emprego de enerxías renovables.	Promoción por parte do profesorado nas súas asignaturas.				
	Dispoñer de persoal de mantemento da UDC na ETSAC	Campaña conciencianción. Creación de del logo Green Campus ETSAC. (Murales y señales por toda la escuela)				
	Reducir o consumo de auga no edificio de departamentos.	Sustitución da grifería do edificio de departamentos por pulsadores automáticos con aireadores.	Recursos humanos: Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas. Xerencia UDC. Conserxaría/Seguridade. OMA/ADEAC. Servizo de obras.	Curso 2014-2015	Recursos humanos: Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas. Xerencia UDC. Conserxaría/Seguridade. OMA/ADEAC. Servizo de obras.	Evidencias: % de aforro de auga por edificios co respecto a anos previos.
	Na ETSAC consideramos que este aspecto está ben tratado, xa que os estudos así o indican, aínda así, igual que no edificio de departamentos, hai que realizar un control periódico destas instalación.	Campaña informativa.	Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL). Outros. Financiamento económico.		Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL). Outros. Financiamento económico.	No seu defecto, electricidade consumida por edificios.
	Dispoñer de persoal de mantemento da UDC na ETSAC	Elaboración dun plan de mantemento para inspeccionar as instalación periódicamente, detectar perdas, etc				Achegados por Xerencia/OMA. Modificacións estruturais. Documentos de UPRL. Guía docente



XESTIÓN DE RESIDUOS						
4. Reducir o consumo. Separar, recoller e reciclar os residuos da ETSAC (xestión sostible de residuos) Obxectivo estratéxico UDC 3.2	Ubicación de punto de recollida selectiva na -2, e de recollida de papel nas aulas, aumentando así o número de recipientes. Propulsar o uso da administración virtual.	Compra de papeleiras de recollida selectiva. Caixas din A3. Campaña administración virtual e medios dixitais Instrucción a todos os PDI/PAS da escola para incluír nos emails a seguinte mensaxe baixo a firma: "Antes de imprimir esta mensaxe, asegúrese de que é necesario. O medio ambiente está na nosa man" Elaboración de guía para a creación de pdf de fácil visualización e descarga, para que os estudantes o adopten, e así evitar que os profesores teñan que pedir traballos impresos (dado que resulta inviable manexar pdfs mal xerados). Campaña informativa sobre o reciclaxe de papel, e outros aspectos.	Financiamento económico. Recursos humanos: Xerencia UDC. OMA/ADEAC. Bolseiro UDC. Outros ETSAC.	Curso 2014-2015	Financiamento económico. Recursos humanos: Xerencia UDC. OMA/ADEAC. Bolseiro UDC. Outros ETSAC.	Documentación oficial sobre residuos orgánicos. Os suxeridos pola OMA: -Redución do consumo de papel (%). -Substitución do papel de fibra virxe por papel reciclado (%). - Grao de recollida separada de residuos (%).
	Informar sobre o procedemento para reducir o consumo e separar, recoller e reciclar/tratar papel e papel confidencial, tonneres, residuos tóxicos etc. Regulamentos e ámbitos de aplicación.					
	*Cafetería involucrada na compostaxe, e no reciclado de residuos.					



5. Correcto tratamento e xestión dos RAEE. Obxectivo estratéxico UDC 3.2	Informar sobre residuos, RAEE e RPA, así como procedemento de recollida e tratamento. Evitar baterías dun só uso. *En canto os ordenadores, na ETSAC xa se trata a súa recollida, reciclaxe ou doazón.	Manter os espazos para a recollida de pilas, móbiles, así como portátiles e aparellos electrónicos pequenos. Campaña informativa	Recursos humanos: Xerencia UDC. OMA/ADEAC. Bolseiro UDC. Outros ETSAC.	Curso 2014-2015	Recursos humanos: Xerencia UDC. OMA/ADEAC. Bolseiro UDC. Outros ETSAC.	Grao de implantación do plan do plan de xestión de residuos da UDC (inclúe a xestión de RAEE).
---	--	---	--	-----------------	--	--



MOVILIDADE SOSTIBLE						
6. Impulsar a mobilidade sustentable. Plan de mobilidade ETSAC Obxectivo estratéxico UDC 3.3	*Utilización do transporte público pola maior parte do alumnado, e onde os profesores tamén están involucrados. (as liñas de transporte non son suficientes para que todo o alumnado e profesorado poida utilizalo para chegar o seu punto de destino) *Difícil uso da bicicleta, debido o estado da estrada, as costas, a non existencia de carril bici, o tempo, a insuficiencia das instalación, etc). Ainda así, 2 profesores impulsan e utilizan este medio de transporte. Existencia de prazas de aparcadoiro reservadas a vehículos de persoas co discapacidade e aparcadoiros seguros e cubertos para bicicletas.	Campaña sostible específica . Cuestionarios avaliación para o centro sobre mobilidade na ETSAC (OMA). Instalacións de duchas e vestiarios para usuarios de bicicletas.	Recursos humanos	Curso 2014-2015	Recursos humanos	Os indicadores establecidos pola OMA: - Medios de transporte utilizados (%) - % uso dos aparcadoiros de bicicletas. Evidencias: Aparcadoiro de bicicletas. Aparcadoiro para vehículos de persoas co discapacidade. Espazo libre de coches.



COMPRA VERDE, CONSUMO RESPONSABLE E COMERCIO XUSTO 7. Fomentar políticas de compra e consumo responsable na secretaría da ETSAC. Obxectivo estratéxico UDC 1.6	Incluír criterios ecolóxicos e responsables na elección dos produtos e servizos contratados pola ETSAC, así como produtos que sexan reciclables, reutilizables e incorporen elementos reciclados, p.e. cartuchos de tinta ou tóneres reciclados. Reducir o consumo na medida das posibilidades.	*Utilización de sobres de 34 usos. *Reutilización de sobres con logo anticuado Solicitar a Xerencia, OMA u outras persoas co coñecementos nas materias información sobre empresas o produtos ecolóxicos para a compra válida para a ETSA	Recursos humanos. Xerencia da UDC. Secretaría de dirección ETSAC OMA/ADEAC	Curso 2014-2015	Recursos humanos. Xerencia da UDC. Secretaría de dirección ETSAC OMA/ADEAC	Os establecidos pola OMA: número ou % de servizos e relación de principais produtos nos que se acadaron avances.
8. Alimentación saudable e autoconsumo na cafetería da ETSAC Obxectivo estratéxico UDC 1.6	Promover dietas saudables e o consumo de alimentos locais, ecolóxicos e/ou de tempada, contribuíndo a mellora da saúde das persoas.	*Autoconsumo da horta do dono da cafetería. *Os alimentos sobrantes son destinados ao banco de alimentos. *Fonte de auga dispoñible para reducir a cantidade de residuos plásticos.				
9. Alimentación saudable . Obxectivo estratéxico UDC 1.6	*Promover a utilización e consumo de elementos locais e ecolóxicos e/ou de tempada, contribuíndo a mellora da saúde das persoas.	Análise e información sobre compra de alimentos, e promover o cultivo dos mesmos, mediante a utilización de hortas, como e o caso de noso director nas hortas da UDC.				



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



VOLUNTARIADO AMBIENTAL 10. Fomentar as actividades relacionadas co medio ambiente na ETSAC e creación de un voluntariado ambiental.	Participación do alumnado da ETSAC nas actividades da OMA e GreenCampus, e facilitación de espazos. A ETSAC conta con numerosos colectivos estreitamente concernidos con actividades ambientais (exemplo ASF)	Promulgación das actividades na páxina web e por toda a facultade.	Recursos humanos.	Curso 2014-2015	Recursos humanos.	Evidencias das actividades: número de participantes ou % da comunidade universitaria por sectores.
ÁREA DE BIODIVERSIDADE 11. Fomentar as actividades relacionadas co tema da biodiversidade	Participación do alumnado da ETSAC nas actividades da OMA e GreenCampus, e facilitación de espazos.	Promulgación das actividades na páxina web e por toda a facultade. Elaboración de obradoiros.	Recursos humanos.	Curso 2014-2015	Recursos humanos.	Evidencias das actividades: número de participantes ou % da comunidade universitaria por sectores.



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Criterios xerais propostos pola OMA-UDC e por Green Campus:

O plan de acción debe ser concreto e realista, e elaborarse de acordo con:

- Plan de Acción elaborado corresponderá ao curso académico 2014-2015, polo que as actuacións propostas deberán ser planificadas para que sexan acometidas neste prazo de tempo. No caso de actuacións que requiran máis tempo, indicarse até onde se levarán a cabo no curso 2014-2015.
- As actuacións que se propoñan deberán ser acordos coas necesidades identificadas na ecoauditoría previa e realistas en canto aos recursos necesarios e prazos de execución.
- Recoméndase un número de actuacións propostas entre 10 e 20, aínda que se poderá xustificar un número menor ou maior segundo posibilidades.
- Deberán abarcar, ao menos, tres temáticas diferentes (ver documento inicial Green Campus) e atenderán tanto aos obxectivos xerais da UDC (PEUDC 2013-2020) como aos particulares de centro.

Os obxectivos xerais da UDC están definidos no Plan Estratéxico PEUDC2020, aprobado en decembro de 2013. Deles, seleccionamos pola súa relación directa cos obxectivos e contidos de Green Campus os seguintes:

PLAN ESTRATÉXICO UDC2020, capítulo “**RESPONSABILIDADE SOCIAL**” (pp. 32-37)

https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/PLAN1320.pdf

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: UNHA UNIVERSIDADE QUE IMPULSA O CAMBIO SOCIAL



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



1.6 Fomentar as políticas de compra socialmente responsable.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Unha universidade responsable do seu impacto ambiental

3.1 Mellorar a xestión e coordinación dos procesos de ambientalización e sustentabilidade.

3.2 Implantar procesos de xestión sostible dos residuos.

3.3 Impulsar a mobilidade sostible.

3.4 Impulsar a eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables e o aforro de auga.

No texto do Plan Estratéxico hai unha definición destes obxectivos a nivel de universidade, así como uns indicadores, que se poden adaptar ao nivel de centro.

Por outra banda, alén da contribución do centro a estes obxectivos xerais prioritarios da UDC no seu conxunto, cada centro deberá definir os seus obxectivos adicionais específicos, xunto cos indicadores que estime pertinentes.

A proposta do centro será valorada tanto pola OMA como por Green Campus, que poderán solicitar ampliacións ou modificacións razoadas.

Como documentos orientadores para a definición de obxectivos e indicadores, suxerimos os seguintes:

- Guía para a Sustentabilidade na UDC:
https://www.udc.es/archivos/sites/udc/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecologica/Guia_sustentabilidade_ambiental.pdf



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



- Documento CADEP-CRUE 2011:
https://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/sociedade/medio_ambiente/pegada_ecoloxica/Informe_especifico.pdf
- Cuestionario de **Auditoría Ambiental Interna** para Facultades, Escolas E Centros Universitarios GREEN CAMPUS

Recoméndase facer uso deste último, xa que constitúe a ferramenta de diagnóstico da situación de partida, podendo facer uso dos outros documentos como material complementario.